
O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.453-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS POPULARES DE CALDAS DE REIS E CATOIRA PARA INSTAR A DEPUTACION DE PONTEVEDRA UNA ACTUACIÓN EN PROFUNDIDADE DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL EP 8001 CALDAS DE REIS-CATOIRA E INSTANDO O MINISTERIO DE FOMENTO QUE SE COMPLETE O ENLACE DA AP9 CON ESA MESMA ESTRADA E SE FAGA A ROTONDA COMPROMETIDA POLA PRESIDENTA NO PUNTO DE ENLACE CA AP9

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1

O pasado 14 de agosto os veciños de Caldas de Reis e de Catoira podemos comprobar como a estrada titularidade da Deputación de Pontevedra que une os nosos dous concellos veu de cobrarse unha nova vítima, neste caso Jesús Castro, un motorista da Guardia Civil de Tráfico que se ten que engadir a trágica lista negra de todos os condutores que perderon as súas vidas ou sufriron danos nesa estrada tan perigosa, chegando a ter sinalizado un tramo como de concentración de accidentes.

Esta estrada resulta moi moi perigosa, e así o saben todos os veciños dos dous concellos, así como todos os restantes usuarios, de feito varios Alcaldes xa reclamaron durante bastante tempo unha actuación en profundidade nese vieiro para eliminar os tramos de maior sinistralidade, estamos falando dunha estrada titularidade da Deputación de Pontevedra e ademais das que maior tráfico rexistran, concretamente está por encima do sete mil vehículos diarios, en moitos casos vehículos industriais, posto que por esa estrada accede todo o Barbanza a AP dirección Sur.

A maiores da peligrosidade, esta estrada ten a característica que nela entronca o enlace da AP9 para os vehículos que queren ir ou veñen do sur, pois ben, é una longa demanda de todos os veciños da Comarca o feito de esixir o Ministerio de Fomento do Goberno de España que es enlace se complemente de maneira que tamén poidan saír os vehículos que veñan do norte ou que desexen ir nesa dirección.



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no Concello de Caldas de Reis presenta ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDOS:

1. Instar a Deputación de Pontevedra a facer unha reforma urxente e en profundidade que permita cambiar o trazado eliminando as curvas mas perigosas e tomando as medidas adecuadas para mellorar os tramos perigosos de este vieiro con outro tipo actuacións de incremento da seguridade, de maneira que estas actuacións permitan que esta estrada deixe de ser perigosa e con tramos de concentración de accidentes.

2. Esixir a Presidenta da Deputación a inmediata construción da rotonda, comprometida persoalmente por ela en visita a esta estrada, xusto no punto de enlace ca peaxe da AP9 nesa estrada fai mais de tres anos.

3. Esixir o Ministerio de Fomento do Goberno de España o deseño do proxecto e a contratación urxente das obras para que o nodo de Carracedo da AP9 sexa completo, de maneira que se poida acceder a esta infraestrutura tanto en dirección norte como sur, e que tamén se saír en Carracedo independentemente da dirección na que se veña circulando pola autoestrada.

4. Dar traslado de este acordo, os efectos de que se poidan recoller apoios, os concellos de Catoira, Valga, Pontecesures, Dodro, Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira, para que adopten acordos plenarios similares e lle sexan trasladados tamén dende eses concellos a Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento.

En Caldas de Reis a 17 de setembro de 2021

O GRUPO MUNICIPAL do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620